

Factores do clima.

- Factores: variables ou causas xerais que inflúen permanentemente no clima.
 - Tipos: xeográficos e termodinámicos.
- Clima: é o estado da atmosfera nun lugar ó longo de moito tempo.
- O tempo: é o estado da atmosfera nun lugar e momento determinado.
- O tempo varía, o clima permanece.

1- Factores xeográficos: A latitude.

- É a distancia con respecto ó ecuador.
- España está na zona temperada do hemisferio norte:
 - Dúas estacións ben marcadas: verán e inverno.
 - Dúas estacións intermedias: primavera e outono.
- Excepción:
 - Canarias: latitude subtropical, próxima ò trópico de Cáncer.

A situación da península.

- Entre dúas masas de auga de características térmicas distintas:
 - Océano Atlántico: máis fría.
 - Mar Mediterráneo: quente.
- Entre dúas masas de aire distintas:
 - Europa: fría.
 - África: quente.
- Illas Canarias: determinadas:
 - Insularidade.
 - Influencia das costas africanas.

A influencia do mar.

- No interior da península, escasa:
 - Pola súa grande anchura.
 - A súa elevada altitude media.
 - A disposición dos relevos montañosos paralelos á costa.
 - As súas costas rectilíneas.
- Na periferia: unha fina línea aberta ó mar excepto nas costas galegas.
- Arquipélagos canarios e balear: influencia marítima decisiva.

A disposición do relevo.

- Os sistemas montañosos paralelos á costa frean a influencia do mar.
- A disposición oeste-leste:
 - Dificulta a entrada das masas de aire procedentes do norte e do sur.
 - Facilita a entrada dos ventos do oeste que perde humidade e temperatura ó chocar ca meseta.
- As cuncas pechadas por montañas teñen:
 - Escasas precipitacións porque as masas de aire perderon a súa humidade.
 - Frecuentes néboas polo estancamento do aire.

A altitude do relevo.

- Cando unha masa de aire encontra un obstáculo montañoso vese obrigado a ascender. (Vertente de barlovento)
- Segundo ascende perde entre 0,5 e 0,6 grados de temperatura por cada 100 metros de altura.
- Ó subir a temperatura baixa tamén a súa capacidade para reter auga = vaina deixando en forma de precipitacións montaña arriba.

A altitude do relevo.

- Cando chega ó cumio a masa de aire empeza a descender. (Vertente de sotavento.)
- A medida que descende gaña entre 0,5 ou 0,6 grados de temperatura por cada 100 metros de descenso.
- O gañar temperatura aumenta a súa capacidade para reter auga = non chove e as vertentes de sotavento son:
 - Máis secas e máis quentes cas de barlovento.

A orientación do relevo

- Relevo orientado ao norte: máis frío e húmido por darlle pouco a luz do sol.
- Relevo orientado ao sur: máis cálido e seco por daller a luz do sol case todo o día.

2- Factores termodinámicos:

- Determinan a circulación xeral atmosférica da península e a sucesión das masas de aire:
 - En altura: marcada pola corrente en chorro ou jet stream.
 - En superficie por:
 - Centros de acción.
 - Masas de aire.
 - Frontes.

2.1-A circulación en altura: A corrente en chorro

- Forte corrente de vento que circula en dirección oeste-leste entre os 9 e os 11 km. de altura.
- A súa velocidade é de máis de 150 Km/h.
- Separa o aire frío do polo do aire quente dos trópicos.
- Permite a mezcla destas masas de aire.
- Afecta á península sobre todo no inverno polo desprazamento cara o sur da circulación xeral atmosférica.

2.2-A circulación en superficie. Os centros de acción.

- Son as áreas de altas e baixas presións:
 - A presión atmosférica é o peso do aire sobre un cm². da superficie terrestre.
 - Mídese en milibares.
 - A presión normal é de a 1016 milibares.
 - As zonas de igual presión únense con líneas chamadas isobaras.

Os centros de acción.

- Alta presión ou anticiclón:
 - É unha zona de máis de 1016 mb. Rodeada de outras zonas de presión máis baixa.
 - O aire está máis concentrado e tende a escapar hacia zonas de presión máis baixa = circula no sentido das agullas do reloxo.
 - Da tempo estable.

Os centros de acción.

- Baixas presións, depresións, ou borrascas:
 - É unha zona cunha presión máis baixa de 1016 mb. Rodeadas de outras de presión máis alta.
 - O aire é menos denso e tende a recibir aire dos anticiclóns = xira no sentido contrario ás agullas do reloxo.
 - Produce tempo inestable.

A orixe dos centros de acción.

- Térmico:
- Formado polo quentamento ou arrefriamento dunha masa de aire:
 - Arrefriamento = anticiclón térmico: o aire frío pesa máis, descende e exerce unha alta presión.
 - Quentamento = depresión térmica: o aire quente pesa menos, ascende e forma unha baixa presión.

A orixe dos centros de acción.

- Dinámicos:
- Formados polas ondulacións da corrente en chorro:
 - As partes ascendentes forman anticiclóns en superficie.
 - As partes descendentes forman borrascas en superficie.

Principais centros de acción peninsulares.

- Centros de acción anticiclónicos:
 - Anticiclón das Azores.
 - Anticiclón térmico do interior peninsular.
 - Anticiclón térmico do interior europeo.
- Centros de acción depresionarios:
 - Depresión do golfo de Xénova.
 - Depresión térmica do interior peninsular.

Masas de aire.

- Son porcións de aire cunhas características uniformes de temperatura, humidade, e presión.
- As súas características tómanas das súas zonas de orixe.
- Pero poden modificarse se recorren longas distancias: humedécense se pasan polo mar ou quéntanse se descenden en latitude.

Masas de aire que afectan á península.

- Dependendo da súa latitude:
 - Masas de aire frías:
 - Árticas: A. Moi frías.
 - Polares: P. Frías.
 - Masas de aires quentes:
 - Tropicais: T.
- Dependendo da superficie sobre a que se forman:
 - Marítimas: M. Húmido.
 - Continentais: C. Seco

Masas de aire que afectan á península.

- Am.= ártica marítima: moi fría e de escasa humidade. Produce nevaradas e baixas temperaturas.
- Ac.= ártica continental: fría e seca. Ceos claros e xeadas.
- Pm.= polar marítima: requencida e húmida. Precipitacións no inverno e tronadas no verán.

Masas de aire que afectan á península.

- Pc. = polar continental. Fría e seca. Tempo frío e soleado.
- Tm. = tropical marítimo. Cálida e húmida. Tempo cálido.
- Tc. = tropical continental. Cálida e seca. Ondas de calor.

As fronte.

- Son a superficie de contacto entre dúas masas de aire de características distintas.
- En altura correspóndense cas ondulacións do Jet Stream ou corrente en chorro.
- Producen precipitacións e cambios de temperatura e de nubosidade.